

SEMINARIO

“Servizos de apoio e oportunidades de participación para investigadores da UDC nas convocatorias 2017 do programa H2020”

17 de novembro 2016

Salón de actos do edificio CICA, Campus Elviña, Coruña

INTRODUCCIÓN

Como parte do labor de fomento e apoio no acceso ao financiamento procedente de convocatorias europeas, a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) da UDC organiza en colaboración co Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) un seminario para revisar os servizos de apoio dispoñibles na UDC para fomentar a participación dos seus investigadores en proxectos europeos, nomeadamente no Programa Cadro da Unión Europea H2020, así como as oportunidades que ofrecen as vindeiras convocatorias deste programa.

A xornada inclúe a presentación do principal punto de acceso ao programa H2020 (portal do participante), así como información sobre as súas prioridades temáticas para o 2017. Haberá tamén un bloque con contidos máis prácticos, abordando aspectos relativos á elaboración, envío e avaliación de propostas, e unha sesión con información sobre as medidas específicas de apoio aos proxectos de Ciencia Excelente que a UDC está a desenvolver (programas berce e InTalent).

Os relatores serán técnicos da OTRI da UDC expertos nas temáticas a presentar.

PROGRAMA

10.00h – 10.15h. Rexistro de participantes.

10.15h – 10.30h. Presentación da xornada.

Relator: Director do CICA

10.30h – 11.00h. Resumo H2020 e portal do participante.

11.00h – 11.45h. Preparación de propostas e condicións de participación.

11.45h – 12.15h. Oportunidades nas convocatorias 2017 do H2020

Bloque I: Piar 1- Ciencia Excelente e programas de apoio na UDC (berce e InTalent)

12.15h – 12.30h. Pausa



12.30h – 13.00h Oportunidades nas convocatorias 2017 do H2020
Bloque II: Piar 2 e Piar 3

13.00h – 13.30h Avaliación de propostas

13.30h – 14.00h. Preguntas

Solicítase **confirmación de asistencia** por medio dun **correo electrónico** dirixido a otri.aula@udc.es antes das 14:00 horas do martes 15 de novembro 2016.

Coa colaboración de:

